



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 3 DE XULLO DE 2014.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. César Aja Mariño, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D. Antonio José Bouza Rodil

INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN)

D. Sergio Aguado Delicado.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas do día tres de xullo de dous mil catorce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusan a súa asistencia D. César Aja Mariño e D. Vicente Hermida Rodríguez.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- SINALAMENTO DE FESTIVIDADES LOCAIS PARA 2015.

Vista a proposta da Alcaldía de sinalar como festividades locais para 2015 o martes de carnaval (17 de febreiro) e a festividade de San Roque (16 de agosto), dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para sinalar que na Comisión Informativa ninguén se deu conta de que o día 16 que se propón como festivo para o 2015 era domingo, crendo que era sábado. Indica que no 2008 cando coincideu domingo se pasou para o luns 17.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para indicar que se se sinala como festivo o 17 de xullo acumularíanse tres días festivos, polo que entende que se podería valorar a posibilidade de sinalar como festivo o 24 de xuño como plantexaban os de Covas.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para dicir que na Comisión Informativa plantexou a iniciativa proposta por covas, pero naquel momento considerando que o 16 de agosto era sábado mantíñase par ao 2015 como festivo o 16 de agosto.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que hai anos ocorreu o mesmo e púxose o luns de Naseiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime E. de Olano Vela para dicir que se debería comentar co comerciantes, pois resultan os máis afectados.

Por parte da Alcaldía propónse a retirada deste punto da orde do día ata a seguinte sesión para o debate noutra Comisión Informativa ó fin de decidir a data da festividade para 2015.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, dase por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

3.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO PRORROGADO DO CONCE- LLO DE VIVEIRO PARA 2014, VÍA CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

Vista a proposta da Alcaldía na que se propón unha modificación de crédito mediante crédito extraordinario nas seguintes partidas:

Partida	Descrición	Importe
92902.22699	Imprevistos e función non clasificadas, sentenzas xudicias de anos anteriores, outros gastos diversos.	101.060,40 €
3380.22609	Festas populares. Actividades culturais e deportivas	21.000,00 €
TOTAL		121.060,40 €

A financiación deste crédito extraordinario obteríase da seguinte partida:



Concepto	Denominación	Importe
870.000	Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais	121.060,40 €
TOTAL		121.060,40 €

Visto o informe de Intervención no que se informa favorablemente o expediente de modificación de crédito reseñado, co desglose anteriormente sinalado indicando que debe seguir a tramitación establecida para os orzamentos, polo que debe aprobarse inicialmente polo Pleno da Corporación, ser exposto ó público durante quince días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, considerándoa definitivamente aprobada se durante dito prazo non se houberen presentado reclamacións. Ademáis sinala que debe acordarse polo Pleno facultar ó Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución de dito acordo.

Visto que esta proposta foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía.

Por parte da Sra. Alcaldesa. D^a. María Loureiro García procédese á apertura do debate, que comeza dando a palabra á Concelleira de Facenda, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, ós efectos da explicación da proposta.

Intervén D^a. Covadonga Viamonte Aguiar indicando que se trata dunha nova proposta de modificación do orzamento de 2014, que ven prorrogado do exercizo 2013, que non conleva ningún tipo de financiación externa, senón que se realiza con cargo ó Remanente de Tesourería positivo do exercizo 2013, coa que se pretende facer fronte ó cumprimento de nova sentenzas que chegaron e a facturas de gasto corrente do ano 2013.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime E. de Olano Vela, para dicir que esta proposta é un suma e sigue. Indica que no cadro do informe de intervención no procedemento 105/2014 non figura o importe, supoñendo que se trata dun erro.

Intervén o Interventor (por delegación), D. Sergio Aguado Delicado, para dicir que non existe erro, senón que a suma das xuras está no recadro de abaixo.

Continúa coa súa intervención D. Jaime E. de Olano Vela para dicir que hai que aprobalas, xa que se trata de sentenzas e se non se pagan devengarán intereses, apuntando que o P.P. fora acusado de encher de pleitos ó Concello e ningunha destas é do P.P.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que son sentenzas que hai que pagar.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillrmo Leal Arias, para dicir que son sentenzas que hai que pagar.

Intervén D^a. Covadonga Viamonte Aguiar para dicir que sí hai unha sentenza do P.P., a máis importante e coñecida, a de Lodeiro, na que se pedía un millón de euros e se rematou en aproximadamente 92.000 euros, derivando dunha licenza dada pra 108 vivendas na época do P.P. Di que hai outra sentenza do ano 2002 do selado do vertedoiro da Insua por 5.842 euros, tamén da época do P.P.



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime E. de Olano Vela, pra dicir que se trata de licenzas outorgadas polo Concello pero non procedementos nos que o P.P. fose parte.

Intervén Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para dicir que sí hai moitos procesos nos que o P.P. ou o presidente do P.P. nese momento é parte.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade aprobar a proposta formulada pola Alcaldía:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente orzamento prorrogado 2014, vía crédito extraordinario co seguinte detalle:

Crédito extraordinario:

92902.22699	Imprevistos e función non clasificadas, sentenzas xudiciais de anos anteriores, outros gastos diversos.	101.060,40 €
3380.22609	Festas populares. Actividades culturais e deportivas	21.000,00 €

Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.000	Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais	121.060,40 €

Segundo.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no B.O.P., todo isto ós efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Intervención ós efectos da tramitación da presente modificación.

4.- PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

Vista a proposta da Alcaldía de recoñecemento extraxudicial de crédito referente a facturas dos anos 2012 e 2013, reflectidas na conta 4130 “Acredores pendentes de aplicar ao Orzamento”, conformadas ou informadas favorablemente, e tendo en conta a aprobación inicial das modificación orzamentaria nº 10, vía crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe de 289.852,28 € e 534.146,56 €, financiadas con RLTGG, co obxectivo de dotar de consignación orzamentaria



previa ó expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, traendo causa de facturas de anos anteriores, por importe de 823.998,84 €. Tamén se fai referencia a facturas do 2013 conformadas ou informadas favorablemente, reflectidas na conta 4130, que carecen de consignación orzamentaria e se pretende dotar da mesma no orzamento de 2014, en elaboración, financiándose co aforro serrado pola ampliación nun ano de carencia, dos créditos sucritos con cargo ó mecanismo de financiamento para o pago a provedores das entidades locais, e que traen causa de contratos de carácter periódico ou de tracto sucesivo, de contratos menores e de doutrso que non teñen cobertura como contrato menor, que ascenden a un total de 642.580,59 €

Visto o informe de Intervención no que se indica que se trata de gastos efectuados nos anos 2012 e 2013 sen consignación orzamentaria previa á aprobación do gasto, incumprindo a normativa facendística e nalgúns casos incumprindo a normativa contractual en canto se omiten os trámites esenciais da contratación ó non ter cobertura como contrato menor, formulando disconformidade e reparo de legalidade suspensivo, derivado da aplicación do disposto no artigo 216.2 a) e c) do TRLRFL, é dicir pola insuficiencia de crédito e omitir no expediente requisitos ou trámites esenciais, correspondendo ó Pleno a resolución destas discrepancias.

Sínálase así mesmo, que non obstante, trátase de atención municipais que por equidade e pola doutrina xurisprudencial que prohibe o enriquecemento inxusto deben ser satisfeitas ós acreedores, indicando que para a aplicación desta figura se esixe a existencia dunha ventaza para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo. Engádesse que o recoñecemento extraxudicial permite en sede administrativa recoñecer xurídicamente gastos que son inicialmente nulos e que por tanto nunca gozaron de eficacia xurídica, pero que a Administración valida dando así eficacia a ditos gastos, e efectúa isto por sí mesma sen necesidade de ser requerida para este efecto a instancia xudicial, debendo usarse de forma excepcional xa que se trata dunha forma anormal de tramitar os gastos. Indícase que corresponde ó Pleno, cando non existe consignación orzamentaria e según a base 23 de execución do orzamento prorrogado, naqueles gastos que pola súa cuantía sexan inferiores a 1000 € non requiran de modificación orzamentaria do Pleno e teñan crédito na partida do exercizo corrente, a competencia para aprobalo corresponde ó Alcalde, conluindo que o órgano competente para aprobar o presente expediente é o Pleno, indicando que as facturas do punto 1º (ano 2012) que ascenden a 823.998,84 € terán consignación unha vez sexa aprobada definitivamente a modificación nº 10 do vixente orzamento e poderá ordenarse o pago tras a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito; no tocante ás facturas do punto 2º, por importe igual ou superior a 1.000 €, que ascenden a 592.453,66 debe adoptarse o compromiso de incluír crédito suficiente no orzamento 2014.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que transcorre do seguinte xeito:

En primeiro lugar dase a palabra á Concelleira de Facenda, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, que sinala que no pasado pleno se aprobou a modificación orzamentaria para facer fronte a este recoñecemento, que é consecuencia de facturas pendentes de pago do 2012 e 2013 e de sentenzas que foron chegando. Apunta que se realiza con cargo ó Remanente de Tesourería do exercizo 2013.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime E. De Olano Vela, para dicir que outra vez máis se trae un gran cantidade de facturas pra recoñecer esa débeda. Sinala que o grupo de goberno leva 7 meses e non trouxo nada máis. Que se deben máis de 600.000 euros dos que non se sabía, endosando 40 euros a cada veciño. Apunta que en dous días xa desapareceu o Remanente de Tesourería, e que en vez de sentir vergoña son incapaces de conter o gasto, metendo facturas no



caixón, polo que as contas logo non reflexan a realidade. Engade que no último mes se reflexaron 700 facturas, algunhas escondidas dendeo 2010. Que en marzo de 2013 o socio do goberno municipal, o B.N.G. xa decía na prensa que había facturas de caixón, o que clarifica que ese é o modo de operar do equipo de goberno. Sinala que sistemáticamente esconden as facturas e pregúntase cantas máis haberá , se van seguir enganando ou se aseguran que xa non quedan máis. Pregúntalle ó grupo de goberno se lle parece de recibo gastar 20.000 euros nun grupo de brasileñas, nin que tal e como se estaba economicamente no 2013, cunha débeda de 10 millóns de euros, se gastasen 2.000 euros publicitando a biblioteca municipal alimentando o ego dalgúns. Refírese a que no informe de Intervención se sinala que se incumple a Lei de Contratos do Sector Público, por sobrepasar as facturas o ámbito do contrato menor, manifestando que o seu grupo se vai abster e recalando a perigosidade para quen vote a favor. Indica que non van votar en contra porque saben que se os acreedores reclaman xudicialmente hai que pagalo con intereses e costas e ó seu grupo impórtalles o diñeiro dos veciños.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo se vai abster, porque se demostra o que decían en agosto e setembro do 2012, cando defendían a aprobación duns orzamentos precisamente para evitar isto. Engade que estes pagos hai que executalos porque se reclaman hai que pagalos. Apunta que estas actuacións dan a razón ó seu grupo cando denunciaba a política económica do P.S.O.E.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., d. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupose vai abster, xa que existen reparos de Intervención porque non había consignación orzamentaria, polo tanto o que executou o gasto que o aprobe.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D^a. Covadonga Viamonte Aguiar para dicir que no Concello de Viveiro, dende que goberna o P.S.O.E. non hai facturas de caixón, que todas están rexistradas, o que pasa é que non se pagaron e as tran a este pleno consecuencia dun remante positivo do 2013, apuntando que as van pagar con diñeiro propio do Concello. Sinala que as facturas están todas rexistradas e constan na contabilidade do Concello, non habendo facturas de caixón.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García para dicir que supón máis vergoña non recoñecer a débeda e despois ir de testigo para dicir que sí se fixeron esas obras cando gobernaba.

Solicita a palabra o Concelleiro D. César Aja Mariño para intervenir por alusións.

A Sra. Alcaldesa pregunta á Secretaria Municipal sobre si pode intervenir por alusións o Concelleiro que solicitou a palabra.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que según establece o ROF só poderá facerse uso da palabra previa autorización do Alcalde e quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar do Alcalde que se conceda un turno por alusións. Indica que só pode intervenir un concelleiro por cada grupo, polo que tendo en conta que estaba a intervenir neste debate D. Jaime E. De Olano Vela éste deberá prescindir de intervenir neste turno aberto por alusións se intervén D. César Aja Mariño.



Intervén D. César Aja Mariño, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que se foi de testigo por obras foi por requerimento dos provedores pola negativa a pagar eses importes. Engade que as facturas durante o seu mandato tamén estaban todas rexistradas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que naqueles supostos o goberno non se negou a pagalas, senón que non estaban rexistradas.

Non existindo máis debate procédese á aprobación da proposta da Alcaldía, con 6 votos a favor correspondentes ó grupo do P.S.O.E. e 10 abstencións correspondentes ós grupos do P.P., B.N.G. e i.V.i., do seguinte xeito:

Primeiro.- Levantamento dos reparos e resolución das discrepancias formuladas pola Intervención Municipal.

Segundo.- A aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito polo importe total de 1.416.452,50 €, como indemnización substitutiva a favor dos terceiros interesados dos gastos ocasionados pola realización da prestación nos anos 2012 e 2013, segundo as relacións que constan no expediente e proposta da Alcaldía.

Terceiro.- Proceder á tramitación do pago por orde de antigüidade das indemnizacións anteriormente relacionadas do ano 2012, unha vez sexa definitiva a modificación orzamentaria nº 10 do vixente orzamento prorrogado polo importe de 823.998,84€ con cargo ás aplicacións orzamentarias que figuran na relación sinalada do punto anterior.

Cuarto.- Adquirir o compromiso de incluír crédito suficiente no Orzamento Xeral 2014 para dotar de consignación os gastos relacionados do ano 2013 con impote igual ou inferior a 1.000 €, que ascenden a 592.453,66 € nas aplicacións orzamentarias que figuran na relación do punto primeiro.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E. ASUMINDO A MOCIÓN PRESENTADA POR ESQUERDA UNIDA REFERENTE Ó SERVIZO DE COMEDOR DURANTE AS VACACIÓNS NOS CENTROS EDUCATIVOS DE VIVEIRO.

Vista a moción da Alcaldía, en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., pola que se asume a moción presentada por Esquerda Unida en orde a instar ó Goberno da Xunta de Galicia a poñer en marcha os mecanismos necesarios para ofrecer o servizo de comedor durante as vacacións nos centros educativos precisos no Concello de Viveiro e así dar cumprimento ó acordo unánime do Parlamento de Galicia.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que Esquerda Unida presenta moción para presentar no Pleno extraordinario, e procede á súa lectura. Engade que o Concello fixo todas as xestións cos comedores a través de Servizos Sociais, e que dos 146 nenos só hai 2 en situación delicada, xa con axudas, non constando que haxa nenos que pasen fame ou esteñan en situación de alarma. Engade que o equipo de goberno municipal se puxo en contacto co servizo de comedor da Xunta de Galicia, que decían que había convenios, pero non os hai. Afirma que non existe situación de alarma pero que sí se apoia que se manteña o servizo de comedor, que permite a moita familias o desafogo económico, e engade que o Concello xa aporta o servizo de ludoteca.



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño, para dicir que o seu grupo está a favor desta medida aprobada polo Parlamento de Galicia. Apunta que se trata dun servizo necesario, e que non hai risco de exclusión social pero que se debe vixiar este extremo. Engade así mesmo que se deben buscar alternativas ó comedor escolar para que os nenos non se sintan frustrados.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo está a favor. Sinala que se aprobou no Parlamento de Galicia pero a Xunta non executou que os comedores se podan abrir.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo está a favor. Di que se aprobou no Parlamento e se publicou no DOGA o luns, contemplando os días, concretando o menú en 4.309 €, polo que di que as empresas xa teñen que facer números, debendo ter en conta o pago de persoal, vixilancia, ... ademais de terlle que pagar ó centro 0,12 € pro neno e menú se usan a cociña do coentro. Engade que os que esteñan en situación límite posiblemente se sintan marxinados e que na Orde o 30 de xuño non ven publicado.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade aprobar a proposta da Alcaldía do seguinte xeito:

Primeiro.- Instar ó Goberno da Xunta de Galicia a poñer en marcha os mecanismos necesarios para ofrecer o servizo de comedor durante as vacacións nos centros educativos precisos no Concello de Viveiro e dar así cumprimento ó acordo plenario unánime acadado no Parlamento de Galicia.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A.- D Antonio J. Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldía da Corporación, en data 20 de xuño do 2014, N° rexistro: 4.738, o seguinte ROGO ao obxecto de que se subsane a deficiencia sinalada coa maior brevidade posible:

“No mes de novembro de 2012, o concelleiro de deportes anunciaba, en distintos medios de comunicación, que buscarían fórmulas para dotar de desfibriladores aos campos de fútbol de Viveiro, o de Galdo e o Pavillón Municipal.

Mesmo un ano despois, en novembro de 2013, anunciaba nos medios unha reunión cos responsables de asociacións deportivas, para que tan sequera unha persoa de cada un destes colectivos deportivos, soubera o manexo destes aparellos, que aseguraban cegarían dende a Deputación Provincial.

Transcorridos xa case que oito meses deste último anuncio e como queira que hai pouco que rematou a tempada deportiva, pero xa falta menos para que en agosto empece unha nova, e en vista da ausencia dos mencionados desfibriladores é polo que lle ROGAMOS á Alcaldesa que retome este asunto, e dote ás instalacións anteriormente sinaladas destes aparatos tan necesarios, os que sen lugar a dúbida contribuirán a que a práctica deportiva sexa máis segura.”

Intervén a Sra. Alcaldesa, para dicir que xa está no Concello, e que a mediados de xullo por parte da Deputación se impartirá un curso ó persoal para poder utilizalo.



B.- D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, realiza, con data 25 de xuño de 2014, nº 4,883, á Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas e rogos:

- No pleno ordinaria do 23 de marzo de 2009, o Grupo Municipal do Partido Popular preguntaba á Alcaldía se estaba previsto, a curto prazo, o arranxo da Avenida de Cervantes no casco histórico de Viveiro, ao que o Alcalde respostaba que o arquitecto municipal estaba traballando no mencionado asunto.

Pasaron cinco anos e o día de hoxe, nada se ten feito, descoñecendo por completo as intencións do goberno local ao respectos. Na actualidade o pavimento está loxicamente máis deteriorado, as zonas de adoquins fundadas e as placas de formigón rotas case aque na súa totalidade, e mesmo produciuse o afundimento nalgunha zona da calzada, motivado principalmente polo paso diario de vehículos pesados e turismos. Por se isto non abundase, está a canalización existente do Río que discorre por toda a avenida e desemboca na Ría.

O Grupo Municipal do PP de Viveiro ten moi claro que esta avenida precisa, de forma urxente, unha profunda reparación, así como unha nova pavimentación. Por todo este preguntamos á Alcaldesa:

1. Hai algún proxecto rematado que contemple a futura reparación desta avenida?.
2. A día de hoxe, fixo o Goberno Local algunha xestión coas Administracións provincial, autonómica ou central para unha posible financiación desta obra?.
3. Ten o Goberno Local, a curto ou medio prazo, algunha solución para evitar que os peóns e vehículos sigan a sufrir a situación de deterioro da avenida de Cervantes?.

Intervén a Sra. Alcaldesa, para contestar que son coñecedores, que se está traballando niso, e que xa hai un proxecto en redacción.

- Con data 13/12/2013 o Presidente da comunidade de propietarios do Edificio Beiramar 1 situado na rúa Misericordia nº 41 deste Concello, rexistraba un escrito dirixido á Alcaldía no que solicitaban a retirada, a outras zonas das distintas rúas, de parte dos contenedores orgánicos situados fronte ao porta da súa comunidade. Esta petición viña motivada porque nos últimos meses pasaron de ter 2 contenedores orgánicos a ter 5, cos conseguintes prexuízos que causan a estes propietarios como consecuencia dos malos olores e a acumulación de suciedade no chan polos desperfectos de basura orgánica.

Na actualidade neste punto hai un tal de 10 contenedores e ademáis, a miúdo, as beirarrúas están ateigadas de mobiliario como colchóns, electrodomésticos, etc., parecendo aquilo un vertedoiro público. Por todo isto lle ROGAMOS á Alcadesa que se teña en conta esta solicitude e se lles dea unha resposta e unha solución a esta comunidade de veciños, posto que despois de máis de 6 meses de telo pedido, pensamos que non vai xa sen tempo.



Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que o Concello non moveu os colectores. Engade que se falou coa empresa para poñelos fronte ó Día e houbo atrancos por desvío de ruta e rúa.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que ó escrito de decembro non houbo contestación, e que o que solicitan é que dos 5 colectores orgánicos sería unha boa solución levar parte deles para a zona de atrás, pero hai dificultade na rúa para o paso do camiión. Engade que hai que buscar solucións porque 10 colectores ó lado da entrada un edificio non poden estar, e que senón polo menos algún vaia para a acera de enfrente.

Intervén a Sra. Alcaldesa para engadir que se están ampliando os días de recollida.

C.- O mesmo Concelleiro formula, con fecha 19 de xuño do ano actual e co nº rexisto: 4.688, as seguintes preguntas:

Na parroquia de Vieiro, existe unha pista que comunica a chamada Casa da Mina con Lavandeira, utilizándose a diario polos veciños como único acceso a esta parte da parroquia. Dita pista, está pouco menos que intransitable debido aos buratos e fochas profundos que salpican todo o percorrido, o que xunto coa estreitez da vía provoca que sexa practicamente imposible evitalos, de tal xeito que se convirte nun verdadeiro perigo para os usuarios e tamén para os propios vehículos que poden facilmente sufrir danos.

Ante esta situación, que estamos seguros que o Concelleiro de obras xa coñece desde hai tempo, realizamos as seguintes preguntas:

- 1.- Ten previsto o equipo de goberno a reparación da estrada que vai desde a Casa da Mina ao Barrio de Lavandeira na parroquia de Vieiro?.
- 2.- En caso afirmativo ¿para cando está prevista a realización desta actuación?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a primeira parte é estreita e case non pasa un coche, indicando que se quixo aglomerar e a máquina non tiña acceso indicando que se vai desbrozar e tapar algún bache.

D.- Polo citado Concelleiro do Grupo Municipal, Sr. Bouza Rodil, formulanse as seguintes preguntas, en data 20 -06-14, nº rexisto: 4.739):

1. No último Pleno ordinario celebrado no mes de xuño, o noso grupo interesouse polas farolas retiradas no Paseo Marítimo dende a Cruz Vermella ata Covas. Na resposta as nosas preguntas dixosenos que se venderan, motivo polo que **preguntamos:**



- 1º) Cal foi o proceso seguido para a súa venda?.
- 2º) A quen lle venderon?.
- 3º) Por que importe se venderon?.
- 4º) Cantas farolas se venderon?.
- 5º) Quedaron con algunha para repostado en caso de avería?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se explicou e que o expediente está en contratación e poden ir a velo.

2. Nese mesmo Pleno ordinario de xuño, aprobouse, por unanimidade, unha moción presentada polo PP, na que se facultaba á Sra. Alcaldesa para realizar todas as xestións oportunas e necesarias para tentar impedir o peche da oficina do Banco Pastor en Covas. Por este motivo lle **preguntamos**:
 - 1º) Realizaou algunhas xestións neste sentido?.
 - 2º) En caso afirmativo, podería detallarnos en que consistiron?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que dende a Alcaldía se ordeou enviar o acordo do Pleno. Engade que se quere pasar a pelota ó Concello e que se pecharon tamén máis oficinas, apuntando que o goberno de España fixo unha operación de rescate encuberta dos bancos de 43 millóns de euros.

3. Estamos xa en pleno período estival, e un ano máis as nosas praias non lucirán a bandeira azul, distintivo que si lucirán 123 areas de Galicia, das que 18 pertencen a praias da Mariña e mesmo o Porto Deportivo de Viveiro. Como queira que a Sra. Alcaldesa anunciou, non hai moitos días nos medios que para o ano próximo as solicitaría é polo que lle **preguntamos**:
 - 1º) É certo que as vai a solicitar para o ano 2015?.
 - 2º) En caso afirmativo, a que obedece este cambio de criterio despois de levar seis anos sen solicitalas?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o que se está facendo son xestións para ver si se poden pedir. Engade que anteriormente xa se explicou porqué non se facía.

E e F.- As preguntas formuladas polo Sr Bouza Rodil, concelleiro do PP, números de rexistro: 4.556 e 4.924, referentes a diversos expedientes do Xulgado do Contencioso-administrativo e en relación co Procedemento abreviado 839/08 do Xulgado nº 2 de Primeira Instancia e Instrucción de Viveiro, respectivamente, entregáronselle as respostas, por escrito, neste Pleno.

G.- Por D. Bernardo Fraga Galdo, en nome e representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Viveiro, e conforme á lexislación vixente, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Viveiro as seguintes,



PREGUNTAS

1. Días atrás nos medios de comunicación, a Alcaldesa comunicaba que o Concello se faría cargo do pago das flores para as alfombras florais do Corpus. Sendo esa unha actividade relixiosa financiada polo goberno municipal socialista, preguntamos:
 - a) ¿A canto ascende a factura correspondente ao pago das flores para as alfombras florais do Corpus?
 - b) ¿Non cree a señora Alcaldesa, que tal e como está a situación económica do Concello de Viveiro, así como a da sociedade en xeral, o pago dunhas flores para as alfombras florais, é un gasto innecesario, que está fora de lugar, e que debería ser financiado polos propios fieis da Igrexa Católica, se así o desexan?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a factura das flores non supera os 20.000 euros e decidiuse asumir o custo cando se soubo das dificultades que estaban tendo para pagala. Recalca que adquiriron a condición de tradición, e que eses días as rúas estaban ateigadas de xente. Apunta que o Concello colabora con calquera iniciativa e lle sorprende que o diga o B.N.G. que solicita colaboración para as Asociacións das que forma parte. Sinala tamén que se é porque se trate dun evento relixioso tamén lle sorprende porque a Semana Santa tamén o é e participan nela.

2. Na sesión plenaria do 20 de xuño de 2013, este pleno aprobaba unha moción do BNG para instar ao goberno municipal a mellorar a páxina web municipal e a presenza do Concello de Viveiro nas redes sociais. A moción foi aprobada cos votos a favor de BNG, iVi e PP, co voto en contra do goberno municipal, alegando que votaban en contra porque era algo que xa estaba feito e asinado. Pois ben, un ano despois todo segue igual, o goberno socialista non cumpriu cun acordo plenario, a páxina web segue totalmente desactualizada, sen información das actividades e eventos de Viveiro, e o Concello de Viveiro non existe nas redes sociais (agás a oficina de turismo), e por isto que preguntamos:
 - a. ¿Ten o Concello de Viveiro previsto renovar e actualizar a páxina web algún día? ¿ou seguirán coa política de informar só dalgunhas das actividades, como a feira das maulas de Galdo, ou o mercado tradicional de Vieiro, que están hoxe na portada da web, excluindo o resto da actividade que se desenvolve no noso Concello?
 - b. ¿Ten previsto o goberno municipal de Viveiro, empregar algún día as redes sociais para informar ás súas veciñas e veciños?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se actualizará en breve.



ROGOS

1. A praia de Celeiro está totalmente abandonada. As papeleiras revosan lixo e levan semanas sen recoller. A praia está chea de suciedade, a herba das xardineiras sen cortar. As veciñas e veciños xa non dispoñen de ducha para o verán, posto que a levou o temporal e o goberno municipal non a repuso, o tubo de abastecemento das duchas está estendido por toda a Praia. A orientación do letreiro indicativo da Praia está á vista e supón un perigo para os usuarios.

Existe un tubo de desaugue pertencente a Portos de Galiza, que xa non realiza a súa función, que non canaliza a auga e que ademais da unha imaxe lamentable da Praia.

Esta situación é habitual, o goberno municipal ten totalmente desatendida a praia urbana de Celeiro. Cada pouco tempo repítese a mesma situación, e as veciñas están cansos.

Por isto, **ROGAMOS** ao equipo de goberno, que dunha vez por todas, atenda de maneira permanente e constante a Praia de Celeiro.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non está totalmente abandonada, se fose certo tería que dirixirse a Portos. Engade que se mantivo limpa e que cando se inundou no inverno a limpou persoal municipal. Apunta que hai menos persoal municipal de limpeza e cando saiu na prensa xa estaba a facer.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G. D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que sí se limpou, pero que levaba moito tempo sen facerse, e que o Concello se terá que dirixir a Portos para que a limpen con normalidade.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ó Concelleiro de Obras, D. Jesús Fernández Cal, que sinala que cada vez hai menos persoal e que se dirixiu a Portos moitas veces pero nunca lle contestaron. Engade que se alguén avisa sobre algún incidente se intenta acudir o antes posible, e di que tampouco se da limpadado a de Viveiro, porque o persoal non da feito todo. Manifesta que o ano pasado a praia de Celeiro estivo limpa todos os días do verán, e se atendeu dende o Concello porque os responsables non aparecen.

- 2.- O alcantarillado da Rúa Cascallar, agora co nome Acceso Grupo Escolar, en Covas, está totalmente atascado e non realiza a función para a que foi construído. **ROGAMOS** ao equipo de goberno que proceda a realizasr a limpeza do mesmo para que volva a funcionar con normalidade.

Intervén a Sra. Alcaldesa pra dicir que a empresa VIAQUA é a encargada do mantemento, e manifestaron que estaba atascada a rede de pluviais, comprometéndose a limpala.

H.- O Concelleiro D. Guillermo Leal Arias, portavoz do Grupo Municipal do Partido de Independientes de Viveiro (iVi), no concello de Viveiro

EXPÓN:



Que ao amparo do disposto no art. 35 da Lei de Procedemento Administrativo Común; no art. 77 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 e abril e dos arts. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, realiza os seguintes

ROGOS

1. No pleno do 19 de febreiro de 2013, este grupo municipal propoñía ao pleno da Corporación Municipal o nomeamento dunha avenida co nome de D. Gerardo Harguindey Banet, a que vai dende o cruce de Celeiro (na actualidade Avda. Ramón Canosa) ata a Confraría de pescadores. Esta proposta fora aprobada por unanimidade. Así pois entendemos que xa debemos de proceder ao colocado das placas que sinalicen a nova rúa, e para elo vemos acertado facelo durante as próximas festas patronais e do mar de Celeiro, e por elo **ROGAMOS** ao equipo de goberno que realice as xestións oportunas para realizar este acto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se falou co Director da Seguridade Social para poñela en xullo despois das festas, e fixarían eles a data.

2. Poidemos comprobar que a Capela do Pazo de Malates, na rúa Alonso Pérez, atópase nun estado deplorable no seu interior, cos cristais rotos en un abandono total. Por isto **ROGAMOS** o equipo de goberno nos indique a quen pertence a mesma, e tamén en que situación se atopa, e se tomen as medidas oportunas para subsanar, na medida do posible, a situación actual, dado que no interior se atopan tallas de imaxes que teñen un gran valor relixioso, ademáis de artístico dado a súa antigüedad. E tamén se están catalogadas e protexidos tanto o pazo coma a propia capela.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que é de propiedade privada e que non consta expediente aberto, que se solicitará ós técnicos que o visiten e emitan informe cos efectos de incoar o expediente urbanístico oportuno.

3. Nos últimos anos, en varias ocasións, por parte deste grupo municipal, formuláronse o equipo de goberno varias preguntas, ata en seis ocasións, sobre o ansiado novo plan de tráfico para a nosa Cidade. Por elo a pesares das respostas a ditas preguntas, **ROGAMOS** nos indiquen por parte do goberno municipal toas as xestións que se realizaron ata a data para poñer en marcha, dunha vez por todas, en funcionamento o plan de tráfico para tratar de corrixir e reducir as grandes colas e caravanas que se producen nas entradas de Viveiro, sobor de todo na época de verán, e en que punto se atopan ditas xestións, con datas concretas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que primeiro se falou dun plan de tráfico cunha rotonda fronte á Taciña, que a súa dificultade o tivo paralizado. Logo chegouse á conclusión de que non era necesaria isto permitiu darlle outro enfoque. Engade que xa se lle comentou ó i.V.i. como ía quedar e que a COTOP tamén ve factible o novo enfoque. Apunta que o Concello vai realizar estas obras de forma individual, con consignación propia e subvencións, estando xa en execución parte das obras.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que en varias ocasións se dixo que se estaba facendo , e preguntase se desta vez será cando se se



poda ver feito o novo plan de tráfico. Preguntase se se pode prever que despois do verán se poda poñer en funcionamento

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se están facendo as obras pouco a pouco, segundo existe financiamento.

4. Temos queixas de varios veciños dalgunha das parroquias que compoñen o Concello do atraso que se leva neste ano co rozado das cunetas das estradas, tanto as pertencentes a Deputación Provincial como ás do propio Concello. Por elo voltamos a **ROGAR** que se realicen esas limpeza, á maior brevidade posible. Tamén suxerimos o equipo de goberno que faga un mailing con destino aos propietarios das fincas que lindan coas estradas para que sexan eles os que se encarguen da limpeza das mesmas, de forma regular.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que cando se estaba preparando a zona para a feira das maulas se estropeu o tractor. Sinala que as estradas da Deputación comezan a desbrozarse en xullo, nunca se fixo antes porque se se fai en maio en agosto non se andaría.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que se propoñía mandar unha carta ós propietarios que lindan coa estrada para que sexan eles os que limpen. Engade que as estradas son estreitas e perigosas para os viandantes, e entende que a maleza no verán medra moito.

5.- Remataron as festas do San Xoan de Covas e de novo o aparcadoiro onde se fan as mesmas quedou a escuras, por isto **ROGAMOS** o goberno municipal faga as xestións pertinentes para poñer algún punto de luz nesa zona.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se está con ese asunto.

6.- No pleno de setembro de 2011 presentábase ao Pleno, dende este grupo municipal, unha moción sobre a creación dunha área etnográfica no Souto da Retorta, aprobada, por unanimidade, en onde se instaba á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a facer unha área etnográfica en condicións, cun mantemento continuado e permanente dese espazo, coidando a limpeza o adecentamento da entrada ao lugar, colocación de carteis coas especies arbóreas, limpeza do río Landro, colocación de papeleiras e así mesmo, no sitio da minicentral a colocación dun espazo acristalado para ver o seu interior.

ROGAMOS o equipo de goberno nos informe si por parte da Xunta de Galicia hubo resposta e si se fixo algunha actuación das solicitadas, e se existe algún tipo de vixilancia nese entorno, que lembremos está catalogado Monumento Natural, Rede Galega de Espazos Protexidos, pertencente á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Conservación da natureza para evia tar actos como os das últimas pintadas no “avó”.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que por parte da Xunta de Galicia non se recibiu nada e que o Concello o iniciou aínda que non era competente.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que propón que se sexa reiterativo remitindo escritos.



E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:30 horas do día 3 de xullo de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.